

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

# GALICIAN CONNECTION

LABORATORIO MUSICAL  
E CREATIVO

CONECTA | COÑECE |  
EDUCA | CREA | COMPARTE

CON:

---

**CARLES  
BENAVENT**

---

---

**ABE  
RÁBADE**

---

---

**KINAN  
AZMEH**

---

---

**NAJLA  
SHAMI**

---

---

**CARLOS  
CASTRO**

---

---

**EDMAD  
CASTAÑEDA**

---



**4-6 ABRIL**

EDIFICIO CINC  
Máis información e inscricións en  
[cidadedacultura.org](http://cidadedacultura.org)

DIRECTORA ARTÍSTICA:

---

**CRISTINA PATO**

---



## **GAIÁS** CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

**MUSEO CENTRO GAIÁS.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

**BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO.** Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

**CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC).** Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



## **GALICIAN CONNECTION**

Galician Connection é un festival creado para a interacción cultural a través da música, un lugar de encontro entre artistas galegos e artistas internacionais, que lle dará aos inscritos a posibilidade de coñecer outras tradicións e linguaxes musicais e dialogar con estas.

Galician Connection porá en contacto directo aos participantes con artistas consolidados, o que contribuirá a que novos talentos emerxentes se poidan formar, atopar consello, inspiración e oportunidades de colaboración futuras.

Galician Connection é unha plataforma de difusión da música galega noutros países do mundo. É unha plataforma de lanzamento de novas ideas que xorden desta convivencia e traballo conxunto, promovendo o emprendemento cultural como vía imprescindible para o desenvolvemento e innovación do sector cultural.



# **PROGRAMA DE ACTIVIDADES ABRIL 2014**

## **VENRES 4**

---

- 12:30 **APERTURA OFICIAL GALICIAN CONNECTION 2014**
- 13:15 **ALBORADA CONNECTION**  
GC chega a súa terceira edición, e nesta sesión de arranque faremos un percorrido polos programas das primeiras edicións e polos proxectos que xurdiron cos contactos feitos entre músicos e participantes.
- 14:00 **XANTAR DE APERTURA**
- 16:00-17:00 **CONECTA!**  
Cos músicos convidados  
Cos participantes
- 17:30-20:00 **XORNADA EDUCA!**  
GC céntrase nunha temática de especial importancia: a integración das artes na educación. Invitaremos e daremos a coñecer iniciativas nacionais e internacionais que reivindicán un papel máis significativo das artes dentro dos sistemas educativos. (Acceso de balde previa reserva de praza)
- 20:30 **FIN DE XORNADA**

## **SÁBADO 5**

---

- 10:00 Convocatoria e arranque da xornada
- 10:30 **COÑECE! ASESORÍA XURÍDICA: PROPIEDAD INDUSTRIAL E DEREITOS DE AUTOR.**  
(A cargo de Xabier Alonso)
- 12:00 **CREA! ENSAIOS ABERTOS.**  
Preparación do concerto Galician Connection 2014.
- 14:00-16:00 **XANTAR**
- 16:00 **COÑECE! MALETAS MUSICAIS** Obradoiros formativos a cargo dos mestres convidados sobres as diferentes tradicións, linguaxes e culturas que representan.
- 18:00 **CONECTA! CARA A CARA** Encontros individualizados e de breve duración dos participantes cos músicos convidados que máis lles interese coñecer a nivel profesional.
- 20:30 FIN da segunda XORNADA

**PROGRAMA  
DE ACTIVIDADES  
ABRIL 2014**

**DOMINGO 6**

---

- 11:00      **COÑECE! TECNOlab**  
Laboratorio sobre algunhas das principais áreas de traballo que interveñen na creación dun evento como Galician Connection.
- 13:00      **CREA!** Ensaio aberto concerto GC 2014
- 14:00-16:00      Pausa xantar
- 16:00      **COMPARTE!** Sesión onde inscritos e músicos convidados compartirán as súas impresións desta edición, avaliando resultados e propondo ideas para o futuro do GC.
- 17:00      **EDUCA! CHUVIA DE PROXECTOS INNOVADORES: ALIMENTA A TÚA INSPIRACIÓN. O DEBATE.** Antía G. Ben.  
Sesión para os inscritos, onde afondaremos e poñeremos en común proxectos educativos novidosos e estableceremos un debate en torno á educación musical, entre outros temas.
- 19:00      **COMPARTE! CONCERTO Galician Connection 2014**

## **DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES**

Galician Connection ofrécete un programa completo de actividades diferentes que te permitirán **CONECTAR** cos demais inscritos e cos músicos convidados de xeito personalizado; **COÑECER** as súas tradicións musicais e os seus proxectos, mergullarte no mundo da produción musical e aprender no directo; deixarte inspirar por iniciativas que pretenden **EDUCAR** a través das artes; observar o proceso completo de **CREACIÓN** colectiva do concerto, e **COMPARTIR** o resultado deste diálogo musical.

### **CONECTA!**

#### **COS MÚSICOS CONVIDADOS**

Tras a sesión de presentación e apertura oficial do Galician Connection 2014, os músicos convidados e os participantes inscritos, reunidos nun mesmo espazo, terán a oportunidade de empezar a se coñecer e conectar.

Esta actividade será de especial interese xa que todos os artistas convidados, ademais de músicos de prestixio, teñen un perfil emprendedor e educador que os levou a poñer en marcha proxectos innovadores no ámbito cultural, social, etc, que de seguro serán unha referencia para os participantes.

O xeito de crear as súas vidas na música, as diferentes procedencias, tradicións musicais e estilos dos músicos convidados, farán deste encontro unha primeira toma de contacto especialmente enriquecedora.

#### **COS PARTICIPANTES**

Por outro lado, os participantes inscritos tamén presentarán as súas realidades profesionais, as

súas formas de traballo, etc, posibilitando que se coñezan ente eles e que se poidan xerar redes de colaboración para futuros proxectos.

Nunha segunda parte xerarase un debate, moderado por Cristina Pato, como primeiro achegamento a algunhas das temáticas que se abordarán nesta edición 2014: integración das artes na educación.

#### **CARA A CARA**

Encontros de curta duración entre os músicos convidados e os participantes inscritos. Estes últimos terán a posibilidade de concertar pequenas reunións con aqueles músicos que máis lles interese coñecer a nivel profesional.

Estes encontros suporán unha oportunidade para abordar con eles cuestións particulares acerca da súa traxectoria profesional, as súas técnicas, formularlles dúbidas ou pedirilles a súa opinión sobre futuros proxectos ou aqueles que xa estean en marcha.

## COÑECE!

### MALETAS MUSICAIS

Durante a primeira parte da tarde do sábado sucederanse talleres formativos impartidos por cada un dos seis músicos convidados, onde os participantes poderán afondar no coñecemento de distintas realidades musicais do mundo. A presenza, entre os músicos, de especialistas en instrumentos singulares, facilitará o achegamento práctico a algunhas das tradicións e técnicas musicais por eles representadas. Todos os artistas comparten o xeito de ter creado unha carreira única no mundo da música e con este workshop poderemos achegarnos aos seus pensamentos e as súas estratexias.

### TECNOLAB

Durante a xornada de preparación técnica do concerto, desenvolverase un laboratorio sobre algunhas das principais áreas de traballo que interveñen na creación dun evento como Galician Connection.

Un percorrido polas tarefas teóricas e prácticas da man dos principais profesionais que interveñen na creación de GC: dende a procura de financiamento e apoios, pasando pola planificación do proxecto e coordinación de equipos, xestión de medios técnicos e humanos, ata chegar á parte máis práctica da man dos técnicos especialistas en luz, son e backline. Un achegamento en pequenos grupos que facilitarán o contacto e a conversa directa ao redor de cada unha das tarefas acometidas por estos profesionais.

Esta sesión se impartirá coa asistencia dos inscritos e dun grupo seleccionado de estudantes de escolas de imaxe e son de Galicia.

GC pretende así ser tamén unha ferramenta para a capacitación profesional dos estudantes en formación, ofrecéndolles unha experiencia directa

nun evento único, que lles servirá para afianzar conceptos fóra da aula, e lles axudará na súa futura inserción laboral, dentro dun mercado cada vez máis competitivo.

### ASESORÍA XURÍDICA: PROPIEDAD INDUSTRIAL E DEREITOS DE AUTOR. XABIER ALONSO

Poida que algunha vez sentiras que es a parte contratante da parte contratante. Outras, que as palabras que se usan en moitos documentos parecen escritas noutro idioma. A miúdo, que o dereito é unha relixión para iniciados.

A actividade do músico tamén está suxeita a unha serie de normas de diversa índole: civil, fiscal, administrativa, laboral, etc. Existen outras normas que están pensadas especificamente para regular a actividade dos profesionais da cultura, como as que regulan os dereitos de autor. Nesta sesión práctica, daremos un repaso ao Dereito que se aplica á cultura e aos espectáculos, explicaremos de xeito sinxelo algunhas cuestións, e intentaremos responder a todas as vosas dúbidas e preguntas.

Xabier Alonso é avogado, asesor xurídico e consultor especializado en artes e espectáculos así como propiedades inmateriais: dereitos de autor, dereitos conexos, e propiedade industrial. Impulsou unha trintena de convenios de cooperación cultural e formativa con institucións e universidades de numerosos países de América e Europa. É profesor invitado da Univ. Autónoma de Madrid, Máster sobre Propiedade Intelectual, dirixido polo profesor D. Rodrigo Bercovitz, onde imparte o módulo práctico sobre os aspectos xurídicos que afectan á produción de espectáculos públicos, negociación de contratos, contratación internacional e os seus trámites.

## **EDUCA!**

Galician Connection céntrase nesta edición nunha temática de especial importancia: a integración das artes na educación. Invitaremos e daremos a coñecer iniciativas nacionais e internacionais que reivindicán un papel máis significativo das artes dentro dos sistemas educativos. Destacaremos proxectos nos que as artes, e especialmente a música, son un eixe vertebrador nos currículos escolares, co obxectivo de mellorar os resultados educativos; mostraremos proxectos de educación musical innovadores que apostan por novas metodoloxías e pedagogías de ensino; e ofreceremos un abano de iniciativas musicais que se están a desenvolver no ámbito universitario de Galicia.

### ARTS EDUCATION. DAMIAN WOETZEL.

“A arte axuda aos nenos e mozos a mellorar o seu rendemento académico, tamén incrementa a posibilidade de que eles continúen os seus estudos máis tempo, e os profesores se senten máis motivados” Esta é unha das conclusións ás que chegou o proxecto piloto Turnaround Arts, posto en marcha polo Comité Presidencial para as Artes e Humanidades da Administración Obama, en oito escolas públicas de primaria e secundaria que presentan os resultados académicos máis baixos en cada un dos seus estados. O que fora bailarín principal do New York City Ballet dende 1989 ata a súa retirada dos escenarios en 2008, falaranos deste e outros proxectos, e compartirá as súas ideas sobre o papel das artes na sociedade e na educación.

En 2009 Damian Woetzel foi nomeado polo presidente Obama para o Comité Presidencial para as Artes e Humanidades, comité asesor da Casa Branca en temas culturais, colaborando no seu programa Turnaround Arts. Actualmente, é director do Programa de Artes do Instituto Aspen, director artístico do Festival Internacional de Danza de Vail, e creador de iniciativas como Citizen Artist. Colabora con Yo-Yo Ma no seu programa de Silk Road Connect nas Escolas Públicas da Cidade de Nova York.

### TALENTO EN ESTADO PURO. XAIME FANDIÑO.

Intervención a cargo dun profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC cunha traxectoria de vocación multidisciplinar e co foco posto en proxectos artísticos e musicais dentro da universidade. Compartirá cos asistentes algunhas das iniciativas que está a desenvolver como Dock&Roll, ONU, o Boys e Vacas, así como a súa teima de converter a actividade sonora e musical da comunidade universitaria nun activo relevante. Por outra banda, o CESGA e Canal Campus Lab presentarán un traballo de comunicación musical en rede que, con latencia cero, permite interpretar música simultánea en tempo real a intérpretes que se atopan en dúas localizacións espacialmente separadas.

Xaime Fandiño é licenciado en Xornalismo pola USC e Doutor (Ph.D) en comunicación Audiovisual pola Universidade Complutense. Na actualidade é Profesor Titular da Área de Comunicación Audiovisual da USC, onde pertence ao grupo de investigación Estudos Audiovisuais. Leva anos impartindo cursos de doutoramento nas universidades de Vigo e Málaga e no Master en Comunicación e Industrias Creativas da USC. No ámbito da relación interuniversitaria ten realizadas numerosas estadias de docencia e investigación en centros de EEUU, Costa Rica, México, Marrocos, Portugal e Cuba, onde foi Xefe da Cátedra de Televisión e Novos Medios da Escola Internacional de Cine e Televisión de San Antonio de los Baños.

### UN ARTISTA NA AULA. JAVIER LÓPEZ. FUNDACIÓN BARRIÉ

A Fundación Barrié participará no Galician Connection a través de EducaBarrié, a súa contribución á comunidade educativa na busca da posta en valor do talento compartido. Javier López, direrector xeral da Fundación, introduciranos nesta nova canle que facilita o acceso a pais, alumnos e profesionais do ensino ás



## EDUCA!

súas actividades, e que propicia accións e proxectos a partir da valiosa iniciativa dos profesores. Ademais, a profesora Begoña codesal e a artista Estíbaliz Veiga, implicadas no proxecto “Un artista na aula”, mostrarannos as dinámicas que están a levar a cabo nesta proposta lanzada por EducaBarrié no 2013.

Ademais, unha profesora e un artista implicados no proxecto “Un artista na aula”, mostrarannos as dinámicas que están a levar a cabo nesta proposta lanzada por EducaBarrié no 2013, que xorde da necesidade de introducir a arte dun xeito natural e funcional dentro da escola, e non como algo alleo ou extraordinario á actividade escolar. Desta maneira, o artista involúcrase activamente no desenvolvemento de obxectivos e contidos do currículo e o profesorado integra a arte como unha ferramenta pedagóxica na aula. A través dunha serie de actividades clasificadas en tres bloques para antes, durante, e despois da visita dun artista da escola, os alumnos realizan aprendizaxes significativas de forma lúdica e mediante actividades prácticas propias da materia.

## CREA!

### ENSAIOS ABERTOS

A sesión de ensaios na que os músicos convidados traballarán na preparación dos temas do concerto Galician Connection 2014 estará aberta aos participantes inscritos favorecendo así unha oportunidade única: un achegamento en directo ao proceso de creación colectiva dun concerto. Así mesmo, como continuidade desta primeira sesión de ensaios terán a posibilidade de asistir ás probas de son do concerto, onde observar o paso previo ao directo, completando e sendo partícipes do ciclo

### CHUVIA DE PROXECTOS INNOVADORES: ALIMENTA A TÚA INSPIRACIÓN. ANTÍA G. BEN.

Nesta sesión mostraremos unha selección de iniciativas pedagóxico-musicais novidasas e algúns proxectos innovadores no campo da integración da música na educación, dentro e fóra de Galicia, tanto de ámbito público como privado, e dirixidos a distintos grupos de idades. Unha visión inspiradora para docentes, estudantes ou xestores que nos servirá para xerar un interesante debate en torno á temática desta edición.

Antía G. Ben realizou estudos de violín no Conservatorio Municipal de Vilalba (Lugo). Obtivo os títulos de Mestra especialista en Educación Musical (2009, Premio Nacional) e Licenciada en Pedagogía Social e Laboral (2011, Premio Extraordinario) na USC. En 2011, é bolsreira pola Fundación Barrié de la Maza para estudar un mestrado: Curriculum and Instruction-Music Education, na Universidade de Wisconsin-Madison, onde se especializou en temas de educación musical multicultural. En 2012, recibe unha bolsa da Fundación “la Caixa” para estudar un doutoramento nesa mesma área e universidade.

completo de creación do concerto.

Os inscritos ás xornadas terán acceso exclusivo ao concerto do domingo. Despois de ter presenciado o proceso creativo e de produción, os inscritos poderán opinar sobre o programa a presentar, e axudar a prever os altos e baixos da creación dun repertorio dun concerto.

## COMPARTE!



### CONCERTO GALICIAN CONNECTION 2014

MUSEO CENTRO GAIÁS  
DOMINGO 6 DE ABRIL ÁS 19:00 H

Con:

**Abe Rábade.** Piano, GALICIA  
**Kinan Azmeh.** Clarinete, SIRIA  
**Najla Shami.** Voz. GALICIA, PALESTINA  
**Carles Benavent.** Baixo. CATALUÑA  
**Carlos Castro.** Batería, percusión. GALICIA  
**Edmar Castañeda.** Arpa . COLOMBIA  
Dirección artística: **Cristina Pato**

O proceso creativo, e a capacidade interrelacional entre as disciplinas musicais presentes no elenco de convidados de Galician Connection, ábrese ao público, en modo de concerto, cun resultado único e exclusivo para as persoas que visiten o Museo Centro Gaiás na Cidade da Cultura.

Seis mestres da música internacional unidos sobre un escenario despois dun proceso de traballo colaborativo, non só nos tres días de convivencia, senón tamén durante os meses previos. A selección coidada de artistas desta terceira edición xuntará traxectorias moi diversas de calidade extraordinaria, nun espazo habilitado especialmente para a noite do domingo dentro do Museo Centro Gaiás.

Un directo do que só se poderá gozar nesta ocasión, e que supón un modelo de programación cultural diferencial, un laboratorio de estilos, sons e formas de sentir a música que desembocará nun espectáculo único, no que músicos e espectadores gozarán a partes iguais.



## DIRECCIÓN ARTÍSTICA

### CRISTINA PATO

Doutorada en Artes Musicais pola Rutgers University de NJ, a súa activa vida profesional a leva regularmente a países como China, India, EEUU, Corea, Emiratos Árabes ou Angola. Participou como poñente na WWW Conference de Richard Saul Wurman e no Aspen Ideas Festival, ademais de colaborar con Harvard University nos proxectos desenvolados polo Silk Road Project de Yo Yo Ma na Harvard Graduate School of Education e na Harvard Business School.

Actualmente Cristina Pato é profesora adxunta da NJ City University e colaboradora coa Rutgers University. Ten participado como poñente en residencias nas universidades de Berkeley, Princeton, Chicago Civic, Texas, Holy Cross e outras.

Seguindo a estela do seu mentor Yo Yo Ma, Cristina Pato crea e asume a dirección artística do festival Galician Connection promovendo neste caso a conexión da música galega con músicas doutros lugares do mundo, empregando a súa experiencia fora das nosas fronteiras para proxec-

tar a visión da música galega no panorama musical internacional.

A súa carreira profesional inclúe catro discos como gaiteira solista, dous como pianista e un premio Grammy, máis dunha trintena de colaboracións en gravacións doutros artistas, entre as que se atopan “Yo-Yo Ma and Friends; Songs of Joy and Peace” (Sony BMG, 2008) GRAMMY Award ‘09, “Miles Español: New Sketches of Spain” ou “Off the Map” do Silk Road Ensemble nominado para os premios GRAMMY 2010 e máis de 600 concertos ás súas costas, moitos deles gravados e emitidos por medios de comunicación como a BBC ou a CNN entre outros e aclamados por medios gráficos como The New York Times, El País, La Voz de Galicia ou The Wall Street Journal.

Cristina Pato é a fundadora e directora artística de Galician Connection, un foro de pensamento e difusión a través das músicas de diferentes partes do mundo.

## PRODUCCIÓN E XESTIÓN

### NORDESÍA

Nordesía é un proxecto empresarial privado que ten establecido un novo punto de referencia dentro das empresas do sector da cultura en Galicia. Como empresa de servizos especializados, Nordesía abarca a produción total de calquera tipo de acontecemento artístico e cultural que verse maioritariamente ao redor da música pero que abarque calquera outra disciplina artística. O management, a distribución, a creación, a asistencia técnica, a produción integral; experiencias que forman parte ineludible das nosas raíces e que

hoxe nos levan cara unha reinvencción do noso traballo e a unha idea forza básica e global sobre a que artellar a nosa estrutura: o traballo por proxectos.

Eventos da índole do GC son hoxe en día, que traballamos dende unha concepción globalizada da colaboración musical, os que realmente nos achegan á filosofía da innovación en produción de eventos culturais e os que nos permiten abrir vías de traballo, establecer contactos e visibilizar a nosa tradición.

## MÚSICOS CONVIDADOS



### **KINAN AZMEH, CLARINETE, SIRIA**

Compositor, improvisador e intérprete sirio, é unha das figuras máis internacionais da música en Siria. Formado na Juilliard e na City University, é tamén un artista comprometido coa música do seu país natal e coa difícil situación que está a atravesar. Fundador do Damascus Chambers Players Series, formou parte da West-Eastern Divan Orchestra de Daniel Barenboim e é membro do Silk Road Ensemble de Yo Yo Ma. O seu último concerto no Carnegie Hall foi celebrado para recaudar fondos para os nenos sirios refuxiados pola guerra en colaboración con Médicos sen Fronteiras.



### **CARLES BENAVENT, BAIXO, CATALUNYA**

O baixista catalán chegou a crear escola na interpretación do baixo eléctrico. O seu camino no mundo do jazz e do flamenco é único, e está considerado un dos grandes do panorama internacional. Colaborador habitual nas gravacións de Chick Corea ou Paco de Lucía, o increíble son do baixo de Carles Benavent se pode escoitar tamén en gravacións de artistas tan diversos como Miles Davis, Camarón de la Isla ou Joan Manuel Serrat. Compositor, educador, improvisador e intérprete, Carles Benavent é sen dúbida un dos nomes propios do Jazz nacional.



### **EDMAR CASTAÑEDA, HARPA, COLOMBIA**

Harpista colombiano que desde o seu traslado a Nova York ten acadado un enorme prestixio no seu dominio deste instrumento, e está considerado un mestre da innovación no eido da harpa e a súa integración nos estilos jazz e latin, sen esquecer as súas orixes e a influencia das raíces musicais da súa terra. Colaborador habitual de Winton Marsalis, a orquestra do Jazz at Lincoln Center e Paquito d’Rivera, que o definiu como “un dos músicos máis orixinais da Gran Mazá”, vén de recibir excelentes críticas polo seu último traballo, “Entre cuerdas”. Xiras internacionais e o recoñecemento da prensa especializada, con Edmar Castañeda o Harpa Colombiana acadou un novo mercado internacional.



## MÚSICOS CONVIDADOS



### **ABE RÁBADE**, PIANO, GALICIA

Músico compostelano formado no Berklee College of Music de Boston, no que obtivo unha licenciatura Cum Laude, ofrece unha combinación perfecta entre o jazz e as raíces galegas. A súa curiosidade levouno a asumir proxectos tan fascinantes como Nordestin@s, banda na que xunto ás vocalistas Guadi Galego e Ugia Pedreira realizou unha singular actualización da música popular galega, ou Cantigas Jazz Suite, unha adaptación de cantigas medievais galegas do século XIII a un contexto contemporáneo. Combina a dirección do seu trío de jazz acústico e a docencia, como director artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra e como profesor da Escola Superior de Música e Artes Escénicas de Porto (Portugal).



### **NAJLA SHAMI**, VOZ, GALICIA/PALESTINA

Cantora e compositora filla da mestizaxe palestina, galega e arxentina. Iníciase na música tradicional e avanza cara ao jazz, funk e world music, afofando na técnica vocal e a súa pedagogía, o que a leva a países como Noruega, Estados Unidos, Xordania, Kuwait, India ou Reino Unido. A partir de 2003 colabora en diversos traballos nos que incorpora novas influencias, achegando sonoridades de Portugal, Brasil e África, o que imprime unha profunda pegada na súa evolución. Conxuga á perfección a multiculturalidade e o amor pola nosa terra, como se reflicte no seu último traballo, o libro-disco Na lingua que eu falo, unha fermosa homenaxe a Rosalía de Castro.



### **CARLOS CASTRO**, PERCUSIÓN E BATERÍA, GALICIA

O percusionista coruñés é un dos músicos e educadores máis emblemáticos de Galicia. Combina o seu labor como profesor no Conservatorio Superior de Música de Vigo e o seu traballo artístico, que o levou a participar en máis de 70 discos. Tamén realizou colaboracións na música sinfónica coa Orquestra de RTVE ou a Xoven Orquestra de Galicia, e no audiovisual e as artes escénicas, participando na banda sonora da película O Camiño das Estrelas, de Chano Piñeiro, e en diversas producións do Centro Dramático Galego. Domina todos os estilos, desde o folk ata o jazz e fusión, e forma parte dos grupos Fía na Roca, Martín Codax, Resonet, Meendinho e Catroventos.

## **INFORMACIÓN PRÁCTICA**

Dirixe: Cristina Pato  
Produce: Paco de Pin. Nordesía.  
Organiza: Cidade da Cultura de Galicia.

### **GALICIAN CONNECTION PROGRAMA COMPLETO**

Inclúe participación en todas as actividades do programa aquí descrito, así mesmo a inscrición inclúe a entrada ao Concerto Galician Connection 2014 e o XANTAR de apertura do venres 4.

O conxunto de actividades está dirixido a público adulto en xeral, e especialmente indicado para xestores culturais, promotores, produtores, músicos afeccionados ou profesionais, docentes, e estudantes de música, comunicación, de escolas de imaxe e son, e artes en xeral.

Datas: 4, 5 e 6 de ABRIL de 2014  
Lugar: Edificio CINC/Museo Centro Gaiás  
Inscrición: [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org)  
Prezo: 65 euros.

### **XORNADA EDUCA!**

Aberto ao público xeral, e especialmente indicado para docentes, estudantes de música, de comunicación e de artes en xeral, xestores culturais, músicos afeccionados ou profesionais, artistas plásticos, e profesionais das artes escénicas e danza.

Data: 4 de abril.  
Hora: 17:30 horas.  
Lugar: Edificio CINC. Cidade da Cultura de Galicia.  
Acceso de balde previa reserva de praza en [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org)

### **CONCERTO GALICIAN CONNECTION**

Data: 6 de abril.  
Hora: 19:00 horas.  
Lugar: Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.  
Prezo: 12€ + gastos de xestión  
Venda de entradas:  
Punto On da Cidade da Cultura  
[servinova.com](http://servinova.com)  
Prezo en billeteira: 15€.

## PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



**INDITEX**

**INVERAVANTE**



**Fundación Barrié**

**Banco Gallego**



**Campo**

**GADIS**



**Astillero BARRERAS**  
V I G O

**Estrella Galicia** 



**MONBUS** 

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

PRODUCE

ORGANIZA

**nordesia**



FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA